

## TITORIZAR CURSOS NA PLATAFORMA PLATEGA: ENSINO MIXTO



Platega, a Plataforma de teleformación galega, é un espazo virtual baseado en Moodle. O seu funcionamento e moi similar ás aulas virtuais dos centros educativos, aínda que a interface ten algunas diferencias.

A presente guía pretende facilitar ás persoas titoras sen coñecementos previos ou desempeños no manexo da plataforma, algunas cuestións básicas para o desenvolvemento das súas funcións de titoría.

Na aula virtual do CAFI existen os denominados **Espazos de apoio PLATEGA**. Están en revisión continua e convén pasarse posto que poden solventar dúbidas. A ligazón é:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/course/index.php?categoryid=57>

- No Espazo para participantes podemos atopar guías para a edición do perfil. Convén que todas as persoas titoras teñan o perfil actualizado cunha breve descripción e unha fotografía.
- Interesante modificar as preferencias do editor seleccionando o TinyMCE no mesmo apartado, así como revisar as preferencias de Foro.
- O espacio crear describe opcións de creación e configuración de cursos. Nesta edición todos os cursos están actualizados e os cualificadores editados.
- O espacio para a titorización ten un contrasinal: platega1920. Accedendo atoparás o Protocolo de titorización de cursos Platega, documentación para a titorización e tamén guías de apoio á corrección e avaliación de tarefas, información sobre como enviar mensaxes individuais ou masivas e facer seguimento do progreso das e dos participantes no curso.



**“ENSINO MIXTO PARA... “ PASO A PASO**

Cuestións xerais:

- Cada titor/a terá un grupo de participantes asignado, denominado cunha letra. A organización dos grupos farase dende a coordinación da actividade.
- Dentro de cada grupo, as persoas participantes organizaranse en equipos. Cada equipo está composto por tres persoas e denomínase cun número que se engade á letra do



grupo. Así teremos os equipos A1, A2, A3... B1, B2, B3... A organización dos equipos depende das persoas participantes. Poden agruparse libremente dentro de cada un dos grupos empregando as “Escollas de equipo”. Se un/unha participante quere formar equipo con persoas doutros grupos, deberá comunicalo á coordinación da actividade para valorar a súa viabilidade.

- Todos os módulos teñen unha organización en tres apartados:  Comunicarse e compartir,  Informarse e aprender e  Traballar e avaliar.
- Foro de consultas: cada un dos módulos contará cun foro no que as persoas participantes poderán consultar dúbidas referentes á realización das tarefas ou de manexo da plataforma. O foro é común a todos os grupos, de modo que se poderán ver as preguntas e respostas das persoas correspondentes a todos os grupos. É labor das persoas titoras respontar a estas preguntas. De maneira xeral, cada persoa titora terá a responsabilidade de respontar ás dúbidas das persoas do seu grupo, pero isto non impide que poida respontar ou intervir outro/a titor/a ou incluso participantes que coñezan a resposta xa que os foros de consultas están pensados para que teñan carácter colaborativo, polo que podes deixar que se axuden entre eles/as pero non deixes de estar atento/a, posto que hai cuestións que debe respontar e/ou reconducir a titoría.
- No momento de apertura da actividade estarán únicamente visibles para as persoas participantes o módulo inicial de presentacións, o módulo 1 completo e as cabeceiras dos demais módulos coa súa descripción e folla de ruta. A medida que o calendario do curso avance iranse visibilizando os demais contidos e tarefas.
- Os contidos están disponibles en formato eXe-Learning para a consulta na plataforma, non se facilitarán en pdf en ningún momento no transcurso da actividade. O obxectivo é favorecer a interacción en liña.
- Todas as comunicacións entre titores/as e participantes teñen que realizarse mediante a plataforma, ben por mensaxería interna, ben empregando as tarefas e os foros. En ningún dos casos se farán comunicacións mediante o correo electrónico persoal. No caso de que unha participante contacte por correo electrónico, reconducirse a conversa á plataforma mediante mensaxería interna, pegando o contido e respontando por esa vía.
- Do mesmo xeito, non está permitida a entrega de tarefas en espazos que non sexan os que lles corresponden, e nunca por correo electrónico.
- Funcionamento da mensaxería: Para enviar mensaxes ás persoas participantes ou contactar co equipo de coordinación, pode empregarse a mensaxería interna.

Para contactar únicamente cunha persoa en concreto, hai dúas vías:

1. Podes acceder á zona de mensaxería da parte superior dereita da pantalla, onde se amosa o globo de conversa.



2. A través da zona “participantes” á que se accede no bloque lateral esquierdo.

Ao premer ábrese unha nova pantalla cun panel de busca ao que podemos aplicar diferentes filtros: escribir unha palabra na caixa de texto, buscar por rol ou por grupo.

Ademais podemos facer a busca través dos botóns.

Unha vez que localizamos á persoa activamos a caixa “seleccionar”, e no desplegable da parte inferior, onde indica: “Cos usuarios seleccionados...” seleccionamos no desplegable “Enviar unha mensaxe” para o que se abre unha caixa de texto. Este procedemento é válido tamén para enviar mensaxes a varias persoas.

Nombre / Apellido	Endereço de correo	Roles	Grupos	Último acceso ao curso	Estado
Servizo CAFI- Platega	usuario.platega@edu.xunta.gal	Estudiante	Grupo A	3 días 19 horas	Activo



## COMEZO DO CURSO

- 2.09 - Apertura do curso:** O día de inicio do curso a persoa do departamento de Educación dixital coordinadora do mesmo encargarase de completar as xestións administrativas e técnicas para a súa apertura.  
A continuación, colocará unha mensaxe no **FORO DE NOVAS** do curso notificando a todas as persoas matriculadas a apertura do mesmo e as instrucións de acceso.

 Comunicarse e compartir

 Foro de novas, avisos e anuncios

 Foro de presentación de participantes

Entre esas xestións, organizará ao alumnado por grupos e asignará as titorías a cada un deles. Para comprobar o grupo ao que pertences podes acceder á lista de participantes dende o menú lateral esquerdo, premendo en “participantes”. Unha vez se amose podes empregar o despregable seleccionando a opción “profesor” para comprobar a persoa asignada a cada grupo ou ben realizar unha busca alfabética.

- Unha vez completado ese procedemento, as persoas titoras deberán facer a súa presentación no **“Foro de presentación de participantes”**. Este é un foro único para todas as persoas participantes, pero está configurado como “grupos separados” o que significa que cada participante únicamente poderá ver as entradas escritas polas persoas do seu grupo. Como titor/a tes acceso a todos os grupos, polo que debes **escoller** o que corresponda para facer a presentación.

Grupos separados

Engadir un novo t

(Non hai temas de c)

 Foro de novas

Este foro permítelle a calquera un comezar un te

Ir a...

Equipo F06  
Equipo F07  
Equipo F08  
Equipo F09  
Equipo F10  
Equipo F11  
Equipo F12  
Equipo F13  
Equipo F14  
Equipo F15  
Equipo F16  
Equipo F17  
Equipo F18  
**Grupo A**  
Grupo B  
Grupo C  
Grupo D  
Grupo E  
Grupo F  
Tit+Coord

Início Preguntas Frecuentes Accesibilidade Aviso

Unha vez seleccionado, preme en “Engadir un novo tema de discusión” e redacta a entrada segundo teñas acordado co equipo de titorización no cadro de texto que aparecerá. Finalmente preme en “Comentar no foro”.

As entradas poden ser editadas de forma permanente pero ten en conta que son enviadas por correo electrónico no momento da publicación ou media hora despois se así o seleccionas.

3. Para que os/as participantes poidan presentarse no foro, deberán ler previamente a guía do curso. Unha vez que o fagan, o foro de presentacións cambiará de cor e poderán presentarse.
4. Como titor/a do teu grupo estás encargado/a da acollida ao mesmo. É por iso que as presentacións no foro das persoas participantes deben ter resposta e, ademáis, ser marcadas como “**Presentado/a**” no despregable que aparecerá xusto debaixo da súa intervención. Isto é moi importante, xa que pon fin ao procedemento administrativo de admisión ao curso. O prazo para a presentación de participantes ten data límite dunha semana, o 9/10.

42 palabras

Puntuación máxima: Presentado (1)

◀ Presentación

Puntuar...  
Presentado  
Non presentado

É por iso que debes facer seguimento das presentacións e dous ou tres días antes de rematado o prazo contactar coas persoas que non completaron a súa presentación para indicarles que o fagan, e notificar á persoa coordinadora. Para facer seguimento e actualización dos datos coa coordinación emprega o **Foro de coordinación**.

Se non tes resposta, a persoa coordinadora recordará a obriga de presentación e cursará a baixa ou abandono no curso, podendo matricular novos/as participantes da lista de reserva para cubrir as prazas vacantes.

5. O día de apertura do curso dará comezo tamén o módulo 1.
6. Avaliación das tarefas do curso:

## MÓDULO 1

- **Tarefa 1: Documentámonos e reflexionamos (foro)**

Corrección: a tarefa cualificarse revisando a intervención no foro de cada persoa e, en función do cumprimento dos indicadores establecidos, marcarase como “completa” ou “incompleta”. Se se considera “incompleta”, deberase comunicar á persoa participante a través de mensaxaría o motivo, para que modifique ou complete a súa intervención

### Tarefa 1: Documentámonos e reflexionamos

Principais medidas tomadas con motivo da crise sanitaria



Principais medidas tomadas con motivo da crise sanitaria  
por Servizo CAFÍ- Platega - Luns, 28 de Setembro do 2020, 19:33

83 palabras

Puntuación máxima: - Puntuar... ②

← Educar tras a Covid-19: In

Puntuar...  
Completa  
Incompleta

Ligazón permanente | Editar | Eliminar

Folla de ruta 2. "Decisións fundamentadas e coordinadas" →

A cualificación poderá ser modificada se a persoa participante mellora a súa intervención.

Como se indica na guía de acompañamiento será necesario dinamizar o foro intervindo de cara a favorecer o debate. Na mesma guía atoparás suxestións.

## MÓDULO 2

- **Tarefa 2: Deseñamos unha actividade para a aula**

Esta tarefa avaliarase a través dunha “guía de corrección”.

Criterios de corrección:

- O grao de cumplimento de cada un dos indicadores de logro (0 a 2 puntos).

Autoavalación:

- Autoavalia esta tarefa aplicando os indicadores de logro anteriores.

Heteroavalación:

- As persoas titoras avaliarán a túa proposta.

Peso na cualificación:

- Peso desta tarefa na cualificación final do curso 10%
- Peso desta tarefa no módulo 100%

1º

Grupos separados:  Selecióna o teu grupo (ollo: non equipo!)

Resumo das cualificacións

Participantes	1
Entregada	1
Necesita cualificación	<b>2º Preme aquí</b>

Ver/cualificar todas as entregas Cualificación

Na listaxe selecciona a persoa á que queres avaliar e preme en “cualificación”

Seleccionar	Imaxe do usuario	Nome / Apelido	Endereço de correo	Estado	Cualificación	Editar	Última modificación (entrega)	Entregas de ficheiros	Comentarios a entrega
<input type="checkbox"/>		Servizo CAFI-Platega	usuario.platega@edu.xunta.gal	Entregado para cualificacións	<span style="background-color: #0070C0; color: white; border: 1px solid #0070C0; border-radius: 5px; padding: 2px;">Cualificación</span>	<span style="color: #0070C0;">Editar</span>	Luns, 28 de Setembro do 2020, 19:44	 TarefaProba.pdf	<span style="color: #0070C0;">+</span> Comentario (0)

Aparecerá o documento entregado pola persoa participante, no que poderás facer anotacións e comentarios, ademais de puntuar cada un dos criterios establecidos:



Curso: Ensino mixto para a educación infantil  
Tarefa: Tarefa 2: Deseñámos dunha actividade para a aula  Ver/cualificar todas as entregas

Servizo CAFI- Platega  
usuario.platega@edu.xunta.gal

Página 1 de 1 Cambiar o usuario ▾ 1 de 1 ▾

Ferramentas para facer anotacións no documento

ENTREGA DE TAREA DE PROBA

Documento entregado pola persoa participante

Espazo para indicar a puntuación obtida neste criterio

Comentario de criterio Autenticidade

Espazo para facer comentarios sobre o cumprimento do criterio "autenticidade"

Puntuación máxima neste criterio  2/2

Escenario/contexto

A actividade enmárcase nun contexto significativo, activando habilidades e coñecementos relevantes.

A actividade enmárcase nun contexto significativo, activando habilidades e coñecementos relevantes.

Notificar aos alumnos  Gardar os cambios Gardar e amosar o seguinte Restablecer

Curso: Ensino mixto para a educación infantil  
Tarefa: Tarefa 2: Deseñámos dunha actividade para a aula  Ver/cualificar todas as entregas

Servizo CAFI- Platega  
usuario.platega@edu.xunta.gal

Página 1 de 1 Cambiar o usuario ▾ 1 de 1 ▾

Cualificación actual no libro de cualificacións

Aquí aparecerá a puntuación obtida sumando todos os criterios

Espazo para facer comentarios xerais á tarefa

Garda e pasa á seguinte persoa da listaxe (ollo: podemos pasar a outro grupo que non sexa o noso!)

Notificar aos alumnos  Gardar os cambios Gardar e amosar o seguinte Restablecer Restablece todos os campos

Ruta: p

## MÓDULO 3:

- **Tarefa 3.1.: Retos e oportunidades da colaboración docente (foro)**

Esta tarefa avaliarase do mesmo modo que a tarefa 1.


- **Tarefa 3.2.: Plan de traballo en equipo**

Esta tarefa avaliarase como “completa” ou “incompleta”, en función de se se cumpren ou non A TOTALIDADE dos indicadores de logro sinalados.

Pasos a seguir:

Do mesmo modo que na corrección tarefa 2, comezamos seleccionando o grupo, premendo en “Ver/cualificar todas as entregas” e despois en “Cualificación”.

O espazo de cualificación será similar, con algúns cambios:



Trátase dunha tarefa a realizar **en equipo**, na que se solicita que as tres persoas integrantes fagan entrega do mesmo documento. Será importante comprobar que as tres persoas fixeron a entrega do mesmo arquivo e deberán recibir a mesma cualificación e comentarios á tarefa. Para axilizar a xestión, pedirase que asinen co nome das tres persoas do equipo.

## MÓDULO 4

- Tarefa 4: Creación dunha secuencia didáctica breve e flexible**

Esta tarefa avaliarase mediante unha **rúbrica**. Tamén se trata dunha tarefa grupal, polo que todas as persoas integrantes do equipo deberán recibir as mesmas cualificacións e comentarios.


Na descripción da tarefa indícase que a rúbrica está disponible, pero ao acceder co perfil de titor/a non se pode visibilizar ata que se inicia a corrección da tarefa. No caso dos/as participantes, terán a información disponible a continuación da descripción da tarefa.

- Peso desta tarefa na cuadificación final do curso 2019/20
- Peso desta tarefa no módulo 100%

## Estado da entrega

Número do intento	Este é o intento 1 ( 3 intentos permitidos ).																						
Estado da entrega	Sen intentos																						
Estado das cualificacións	Cualificado																						
Data límite	Luns, 13 de Xullo do 2020, 23:59																						
Tempo restante	A tarefa foi atrasada por: 78 días 19 horas																						
Criterio de cualificación	<table border="1"> <tr> <td><b>Pertinencia e relevancia do producto final</b></td> <td>EXEMPLAR. O producto final é significativo e relevante e activa aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias</td> <td><b>4 puntos</b></td> <td>CONSEGUIDO. O producto final activa as aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias, pero non é significativo ou relevante</td> <td><b>3 puntos</b></td> <td>EN PROCESO. O producto final mobiliza algunas das aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias</td> <td><b>2 puntos</b></td> <td>INICIADO. A proposta non contempla a creación dun produto final ou non está relacionado cos aspectos curriculares indicados</td> <td><b>1 puntos</b></td> </tr> <tr> <td><b>Competencias clave</b></td> <td>EXEMPLAR. A proposta fomenta o desenvolvemento</td> <td></td> <td>CONSEGUIDO. A proposta é competencial:</td> <td></td> <td>EN PROCESO. A proposta tenta ser competencial:</td> <td></td> <td>INICIADO. Non se promove o traballo por competencias</td> <td></td> </tr> </table>					<b>Pertinencia e relevancia do producto final</b>	EXEMPLAR. O producto final é significativo e relevante e activa aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias	<b>4 puntos</b>	CONSEGUIDO. O producto final activa as aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias, pero non é significativo ou relevante	<b>3 puntos</b>	EN PROCESO. O producto final mobiliza algunas das aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias	<b>2 puntos</b>	INICIADO. A proposta non contempla a creación dun produto final ou non está relacionado cos aspectos curriculares indicados	<b>1 puntos</b>	<b>Competencias clave</b>	EXEMPLAR. A proposta fomenta o desenvolvemento		CONSEGUIDO. A proposta é competencial:		EN PROCESO. A proposta tenta ser competencial:		INICIADO. Non se promove o traballo por competencias	
<b>Pertinencia e relevancia do producto final</b>	EXEMPLAR. O producto final é significativo e relevante e activa aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias	<b>4 puntos</b>	CONSEGUIDO. O producto final activa as aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias, pero non é significativo ou relevante	<b>3 puntos</b>	EN PROCESO. O producto final mobiliza algunas das aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias	<b>2 puntos</b>	INICIADO. A proposta non contempla a creación dun produto final ou non está relacionado cos aspectos curriculares indicados	<b>1 puntos</b>															
<b>Competencias clave</b>	EXEMPLAR. A proposta fomenta o desenvolvemento		CONSEGUIDO. A proposta é competencial:		EN PROCESO. A proposta tenta ser competencial:		INICIADO. Non se promove o traballo por competencias																

Do mesmo modo que nas anteriores, comezamos seleccionando o grupo, premendo en “**Ver/cualificar todas as entregas**” e despois en “**Cualificación**”. Amosarase a seguinte pantalla:



ENTREGA DE TAREA DE PROBA

Preme aquí para ampliar a rúbrica e traballar mellor

Cualificación

Cualificación:

Pertinencia e relevancia do producto final	EXEMPLAR. O producto final é significativo e relevante e activa aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias	CONSEGUIDO. O producto final activa as aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias, pero non é significativo ou relevante
<b>4 puntos</b>	<b>3 puntos</b>	<b>2 puntos</b>
Competencias clave	EXEMPLAR. A proposta	CONSEG
	A proposta	A propost

Notificar aos alumnos  Gardar os cambios Gardar e amosar o seguinte Restablecer Ou selecciona unha das diferentes vistas ➔



Pertinencia e relevancia do producto final  
Fai clic na puntuación que asignes a cada ítem (o recadro aparecerá sombreado)

Pertinencia e relevancia do producto final	EXEMPLAR. O producto final é significativo e relevante e activa aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias	CONSEGUIDO. O producto final activa as aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias, pero non é significativo ou relevante	EN PROCESO. O producto final mobiliza algunas das aprendizaxes recollidas nos estándares e competencias	INICIADO. A proposta non contempla a creación dun producto final ou non está relacionado cos aspectos curriculares indicados
	4 puntos	3 puntos	2 puntos	1 puntos

Notificar aos alumnos  Guardar os cambios Guardar e amosar o seguinte Restablecer

<https://www.edu.xunta.gal/platega/mod/assign/view.php?id=58725&rownum=0&action=grader&userid=302#>

Finalmente, incorpora un **comentario xeral** á tarefa e **garda** os cambios.

## MÓDULO 5

- **Tarefa 5.1: PROXECTO FINAL. Integración da secuencia didáctica no ecosistema dixital**

Avaliarase novamente cunha **rúbrica**, polo que os pasos a seguir serán os mesmos que na Tarefa 4. Trátase tamén dunha tarefa **grupal**, polo que aplicaremos a mesma cualificación e comentarios en todo o equipo.

- **Tarefa 5.2: Análise do plan de traballo en grupo**

Esta tarefa avaliarase coa escala “**completa/incompleta**” do mesmo modo cá Tarefa 2.

7. **Informe de seguimento:** Aproximadamente o 3/11 é necesario completar unha tarefa administrativa denominada “Informe de seguimento”. O que se pretende é valorar o estado no que están as persoas participantes no ecuador (aproximado) do curso. O informe debe completarse en Fprofe, e o mellor é que o faga unicamente unha persoa. É un trámite sinxelo de reconto de datos e breve descripción de incidencias, organizarse unha táboa no foro de coordinación similar á que se amosa a continuación para que cada tutor/a apunte o que corresponda. Cada equipo de tutorización designará a persoa encargada. No espazo de apoio á tutorización descríbese o procedemento.

TITORES	Incidencias <u>xurdidas ata o momento</u>	Medidas tomadas para <u>resolverlas</u>	Nº de participantes <u>actuais que están seguindo o curso</u>	Nº de participantes que finalizaron	Observacións/suxestións
Maria				Módulo 1 Módulo 2 Módulo 3	
Pepe				Módulo 1 Módulo 2 Módulo 3	
Juan				Módulo 1 Módulo 2 Módulo 3	

8. Foro despedidas: espazo de peche no que engadir comentarios finais. Non precisa cualificación.
9. Unha vez rematado os prazos de entrega de tarefas ábrese unha semana na que as persoas participantes poden facer revisión e melloras nas tarefas entregadas, sempre previo acordo coa persoa titora e coordinadora, mesmo proceder a completar a primeira entrega no caso de non superar o 10% de puntuación total. É por iso que o proceso de avaliación adoita prolongarse uns días. Adoita haber participantes que esgotan os prazos de entrega de tarefas, polo que a avaliación das mesmas tamén pode saír da última data do curso. Na medida do posible axilizarase este proceso, pero é importante sinalar que todas as medidas excepcionais teñen que ser acordadas polas persoas coordinadoras da actividade e deben comunicarse ás persoas participantes sempre con datas límite concretas.
10. **Informe final:** unha vez pechadas as cualificacións é o momento de completar a certificación en Fprofe. Para este procedemento, abrirase un fío no foro de coordinación para acordar un comentario final e cada titor/a completará o procedemento en Fprofe, que será descrito no mesmo foro chegado o momento.

Moitas grazas pola túa participación no equipo de tutorización do curso.

